Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
JUEVES, 9 DE MARZO DE 2017 | BOP NÚMERO 46

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Acordo Xunta de Goberno 3-03-2017que aproba as Bases do programa de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2017

Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2017.

Na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno acordou aprobar as Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2017, que se transcriben deseguido:

PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE NA PROVINCIA DURANTE O ANO 2017

BASES ESPECÍFICAS DO PROGRAMA (complementarias das bases reguladoras xerais)

Datos do programa

Denominación:	Programa de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2017
Referencia:	F0103D/2017
Aplicación orzamentaria:	0612/3411/481 Importe: 395.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos:	Mínimo 50.000 €
Importe da subvención que se ha conceder:	De 10.000 € a 70.000 €
Importe solicitado:	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento:	Variable entre 0,2000 e 0,8000

Base 3. Obxecto

3.1.Obxecto específico do programa F0103D/2017

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a sufragar os gastos inherentes á organización de grandes eventos deportivos de carácter relevante (pola súa incidencia en termos deportivos, sociais e económicos: xeración de ingresos ou beneficios para os territorios) na provincia, e que sirvan para o fomento e promoción das distintas modalidades deportivas.

Serán de exclusiva responsabilidade da entidade a organización do evento e as obrigas fiscais e de Seguridade Social que se deriven. Así mesmo, a obtención de todas as autorizacións necesarias para a súa realización (ocupación de vías públicas, etc.).

Número de anuncio 2017/1806

3.2 Gastos subvencionables neste programa:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL (*)
600	Compras de bens destinados á actividade (material deportivo non inventariable)
601	Compras de materias primas (produtos farmacéuticos e material sanitario de consumo
602	Outros aprovisionamentos (produtos alimenticios, de limpeza e aseo)
621	Arrendamentos e canons (arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións)
622	Reparacións e conservación (de instalacións ou equipamento vinculado coa realización do evento)
623	Servizos profesionais independentes - contratacións externas
624	Transportes (utilización de medios de transporte regular para o desenvolvemento da actividade)
625	Primas de seguros (seguros de responsabilidade civil)
627	Publicidade e propaganda
628	Subministracións (auga, gas, electricidade ...)
629	Comunicación e outros servizos (correo, teléfono...)
631	Outros tributos (taxas)
640	Soldos e salarios (persoal deportivo ou de administración e xestión da entidade)
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais (mutuas)
650	Transferencias (premios monetarios)
651	Axudas non monetarias (trofeos, medallas, ou calquera outro artigo en concepto de premio pola participación no evento)
652	Dereitos da arbitraxe
653	Compensación de gastos por prestacións de colaboración (indemnizacións por manutención e desprazamentos)
654	Desprazamentos (manutención e avituallamento e aloxamento)

* Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

Os gastos subvencionables para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención serán unicamente os gastos de carácter corrente e gastos de adquisición de materiais funxibles xerados pola realización das actividades deportivas; en ningún caso bens inventariables.

Respecto dos gastos de transporte, de desprazamentos en vehículo propio, de aloxamentos e manutención ou avituallamento, terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade no trámite da xustificación.

Poderán tamén ser gastos subvencionables aqueles de carácter xeral da entidade (persoal administrativo e gastos de subministracións, auga, luz, etc...) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 13% dos gastos directos da actividade. Estes gastos teñen que especificarse motivadamente no orzamento e deberán incluírse nos conceptos contables antes descritos.

3.3 Gastos non subvencionables neste programa:

Os gastos de adquisición de bens inventariables.

Os gastos derivados de viaxes de ocio.

Os gastos financeiros.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

4.1. Compatibilidades específicas do programa FO103D/2017

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar á Deputación a súa obtención.

Tamén son compatibles cos programas FO103A, FO103B ou FO103C do presente ano, como excepción ao establecido nas Bases reguladoras xerais.

4.2. Exclusións específicas do programa FO103D/2017

Ademais das exclusións expresadas na base 4 das Bases reguladoras xerais, non serán obxecto de subvención neste programa:

As actividades deportivas obxecto dos programas FO103A, FO103B e FO103C, actividades culturais, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.

Número de anuncio 2017/1806

Base 5. Entidades solicitantes

Requisitos específicos do programa FO103D/2017

Este programa vai dirixido a entidades deportivas sen ánimo de lucro que acrediten ser as organizadoras do gran evento deportivo para o que solicitan a subvención.

As entidades que opten por este programa poderán tamén solicitar subvencións polos programas FO103A, FO103B ou FO103C do presente ano.

Base 7. Solicitude

7.1. Prazo e presentación de solicitudes específicos do programa FO103D/2017

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2. Documentación e compromisos específicos do programa FO103D/2017

Ademais da documentación relacionada na base 7ª das Bases reguladoras xerais, as entidades solicitantes teñen que achegar, de xeito telemático:

- Memoria explicativa da actividade que se vai realizar. O dito documento conterá, como mínimo, os aspectos que deseguido se expoñen:

- Título do evento.

- Obxectivos xerais e descrición do evento.

- Lugar de realización.

- Categorías e procedencia dos participantes previstos.

- Recursos materiais e humanos necesarios, facendo mención ás titulacións requiridas no persoal á fronte do proxecto.

- Impacto deportivo, social e económico previsto para a poboación na que teña lugar o evento e para a provincia.

- Interese da proposta presentada, segundo o disposto na base 8.

- Declaración do ámbito do evento (autonómico, nacional, internacional).
- Declaración do número de deportistas que participan no evento.
- Declaración da inclusión do evento no calendario oficial de competicións, se é o caso.
- Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.
- Declaración da utilización da lingua galega na realización do proxecto.

No caso de que se solicite a autorización para concertar a execución total ou parcial das actividades con persoas xurídicas vinculadas, deberán indicar a epígrafe na que está inscrita no IAE e achegar a documentación de constitución da entidade para comprobar o seu obxecto social.

Poderase requirir a entidade para que achegue os datos, documentos complementarios e aclaracións que resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Base 8. Resolución

8.1 Valoración das solicitudes específica do programa FO103D/2017

- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 20 puntos
- Número de deportistas que participan no evento: ata 15 puntos
- Ámbito do evento: ata 30 puntos

  Autonómico: ata 5 puntos

  Nacional: ata 20 puntos

  Internacional: ata 30 puntos
- Inclusión do evento no calendario oficial de competicións: ata 5 puntos

Número de anuncio 2017/1806

- Utilización da lingua galega na realización do proxecto: ata 5 puntos
- Interese da proposta presentada: ata 25 puntos

Valoraranse, no informe técnico correspondente, os seguintes aspectos:

- Calidade e solvencia técnica da proposta.

- Impacto deportivo, social e económico do evento: valoraranse o historial do evento, o persoal contratado e os beneficios económicos previstos para o territorio.

- Plan de comunicación do evento: valoraranse a estratexia e a amplitude de medios ao que vai dirixido.

Base 9. Xustificación e pagamento

9.3 Documentación específica do programa F0103D/2017

Ademais da documentación establecida nas Bases xerais, reguladoras dos programas de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro ou de carácter mercantil), da Deputación Provincial da Coruña, deberán achegar a seguinte documentación:

9.3.1 Subvencións por importe inferior a 60.000,00 €

- Memoria xustificativa da realización do evento e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos: actividades desenvoltas; temporalización; recursos humanos (persoal de organización, técnico, de seguridade, etc.); cuantificación e perfil dos participantes; resultados técnicos-deportivos obtidos; repercusión nos medios de comunicación (prensa, radio, TV e medios dixitais) e repercusión social e económica do evento.

- Acreditación da utilización do anagrama da Deputación da Coruña no material gráfico de difusión e na páxina web da entidade, e do emprego da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

9.3.2 Subvencións por importe de 60.000,00 € ou superior

- Memoria xustificativa da realización do evento e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos: actividades desenvoltas; temporalización; recursos humanos (persoal de organización, técnico, de seguridade, etc.); cuantificación e perfil dos participantes; resultados técnicos-deportivos obtidos; repercusión nos medios de comunicación (prensa, radio, TV e medios dixitais) e repercusión social e económica do evento.

- Acreditación da utilización do anagrama da Deputación da Coruña no material gráfico de difusión e na páxina web da entidade, e do emprego da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

- Facturas ou documentos equivalentes incluídos na relación clasificada de gastos.

A Coruña, 3 de marzo de 2017

O PRESIDENTE	O SECRETARIO
Valentín González Formoso	José Luis Almau Supervía

2017/1806

Número de anuncio 2017/1806